

# - Nota de prensa -

**ANPE esixe, na videoconferencia coa Conselleira, instrucións claras e detalladas sobre o que resta de curso escolar e a esixencia ao Ministerio dunhas normas de desescalada comúns a todo o Estado.**

ANPE presentou na mesma unha serie de peticións e propostas solicitando tamén aclaracións ás múltiples dúbidas que o profesorado nos trasladou e esixindo un PROTOCOLO DE ACTUACIÓN CONSENSUADO para o regreso ás aulas, que non debería ser en ningún caso antes do inicio do novo curso.

Trasladamos a nosa preocupación xa que nada fai prever que mañá xoves 14/5 vaia a imperar o sentido común na reunión prevista da Conferencia Sectorial de Educación entre o MEFP e a CCAA e que se impoñerá a ocorrencia do retorno dos alumnos ás aulas o 25 de maio en pleno estado de alarma, a pesar das reiteradas chamadas desde o Goberno de España a manter o distanciamento social e o uso de máscaras e hixiene de mans, como principais medidas para evitar o contaxio.

**Incongruentemente, a administración educativa sopesa seriamente graduar a volta ás aulas a partir do día 25 de maio en Infantil, Educación Especial, 4º da ESO, 2º de Bacharelato e último curso de FP.**

Sorprende especialmente que se propoña a incorporación dos alumnos de Infantil e de Educación Especial, os que menos autonomía persoal teñen e cos que resulta de todo punto imposible manter as condicións de sanidade, hixiene e de distancia social que require a pandemia covid19.

**E todo iso sorprende máis, se cabe, se temos en conta que non se está tendo en consideración a opinión das autoridades sanitarias ou que nin sequera se pronunciou o Comité de Seguridade Laboral da Xunta de Galicia.** A verdade quedou ao descuberto: a preocupación non é a educación, o obxectivo non é asegurar a formación destes nen@s, senón favorecer a conciliación laboral das familias.

**Pero nin a escola é un aparcadoiro de alumn@s nin os docentes son coidadores: para ANPE, as solucións asistenciais para favorecer a conciliación hai que traballalas desde outras institucións e con outros profesionais.**

# - Nota de prensa -

**Para ANPE non ten ningún sentido esta exposición gratuíta ao virus, en plena prórroga do estado de alarma, as clases lectivas nunca se**

**interromperon, o curso non foi suspendido, o calendario escolar continuou, alumnos e docentes traballaron desde o peche dos centros na modalidade de ensino a distancia, que foi habilitada con gran esforzo polo profesorado** en moi pouco tempo, cos seus propios recursos materiais (computador, tablet, conexión ADSL, teléfono...) e contidos curriculares, salvando a marcha do curso escolar. Un xesto de compromiso e solidaridade que a sociedade soubo apreciar.

**Dunha plumada agora dise que o traballo a distancia non vale e que hai que volver ás aulas en metade da pandemia, desprezando o enorme esforzo do profesorado para poñer en marcha esa modalidade de ensino, pola crise do coronavirus.**

A desafección e o fartazgo do profesorado polo trato que está a recibir non facilitará un adecuado final de curso nin, o que é máis preocupante, augura un bo inicio do seguinte.

Son moitas as voces que se levantan xa rexeitando volver poñer os seus recursos persoais, pagados do seu peto, ao servizo dunha administración que ningunea o seu esforzo.

**Se no outono hai un rebrote e un novo confinamento, o sistema educativo cae, porque carece de recursos. E o Ministerio e as distintas Administracións non teñen plan B.**

**Para ANPE, o único criterio que ten que guiar as decisións sobre o retorno ás aulas é o da saúde de tod@s. Ese foi o criterio utilizado, por exemplo, para suspender as oposición e agora optouse, pola contra, por aparentar unha situación de normalidade, cando non é tal.**

O escenario no que se debería estar a traballar debería ser na planificación do curso 20-21 co retorno ás clases en setembro, coa suficiente antelación. E para iso, necesítanse instrucións claras e precisas, un ambicioso plan de formación para o profesorado que non houbo, e un protocolo de cumprimento obrigatorio e rigoroso para garantir as condicións de seguridade e saúde do profesorado e do alumnado.

# - Nota de prensa -

**Non cabe lavarse as mans e cargar a responsabilidade sobre os equipos directivos**, empezando pola limpeza e desinfección dos centros; a compra do material de protección persoal (máscaras, xeles, luvas, etc); a organización de espazos para as entradas e saídas e o respecto da distancia de seguridade, unha tarefa moi complexa dadas as características de habitabilidade de accesos, aulas, corredores, bibliotecas, vestiarios, laboratorios, talleres, comedor, transporte ou ximnasio; e, a potestade de organizar a xornada laboral dos traballadores.

Para rematar, desde as institucións hai constantes chamadas a manter a distancia social, alertando dun rebrote da pandemia polos comportamentos sociais que se ven estes días.

Os centros educativos non son illas nin arcas de Noé: ocorrerá o mesmo que na rúa e nas terrazas, pero c@ nos@s nen@ e moz@s , que segundo alertou onte a OMS «non se sabe con exactitude a transmisión e a gravidade do coronavirus neste colectivo.»

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2020.